

Matrícula de ESO e bacharelato

Curso 2022-2023

- I. **Prazo.** Do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2022.
- II. **Procedemento de entrega de documentación.** Ofrecemos dúas posibilidades:
 - a. **Presencial.**
 - b. **Telemática.** Toda a documentación poderá remitirse ao seguinte enderezo: matricula@iespintorcolmeiro.org. Confirmaremos por ese mesmo medio a recepción da documentación.
- III. **Quen se matricula nesta convocatoria?** Todo o alumnado. Unha vez desaparecidas as probas extraordinarias de setembro, toda a matrícula de ESO e bacharelato se fai neste prazo.
- IV. **Documentación que debe entregar o alumnado.**
 - a. **Impreso de matrícula.** Dispón dun formulario que poderá cubrir no ordenador.

Aclaración para o alumnado de 3º ESO, 4º ESO e BAC. É moi importante que prestes atención a todos os apartados nos que se che pide que numeres por orde de preferencia as túas opcións.
 - b. **Impreso de autorización** do emprego da imaxe do alumnado e de participación en actividades extraescolares que se desenvolvan no concello de Silleda. Dispón dun formulario que poderá cubrir no ordenador.
 - c. **Copia do documento de identidade do alumno ou alumna que se matricule por primeira vez no centro.** No caso de que non dispoña del, deberá entregar fotocopia do documento de identidade do pai/nai/representante legal e fotocopia do libro de familia onde figure o alumno/a. O alumnado que xa estivese matriculado con anterioridade só deberá presentar copia do seu documento de identidade se non o tiña entregado antes ou se o renovou recentemente.
- V. **Pagamento do seguro escolar.** O alumnado de 3º e 4º de ESO, bacharelato, ciclos formativos e educación de persoas adultas ten a obriga de aboar o importe do seguro escolar: 1,12 €. O pagamento deberá realizalo todo o alumnado cando se inicien as actividades lectivas.